

## **BASES FUNCIONAMENTO POSTOS DE VENDA PORRIGALIA 2017**

### **I.- DE CANDO E DONDE SE CELEBRA**

**Art 1.-** A festa de Porrigalia 2017 celebrarásese nas datas do 21, 22 e 23 de xullo do 2017, dende 10h ata 04 h da madrugada de venres a sábado e domingo de 10h ata 24h. Fora desas datas e horario non se permitirá a apertura de ningún posto na rúa.

**Art 2.-** A festa extenderásese polas seguintes rúas e prazas: rúa Ramón Gonzalez e Manuel Rodriguez, praza Arquitecto Antonio Palacios e Barrio San Benito e San Sebastian , rúa Pio XII e Servando Ramilo e como derradeira rúa Avelino Villasuso.

**Art 3.-** Fora do recinto establecido non se permitirá o asentamento de ningún posto na rúa nin a venda ambulante de ningún produto.

### **II.- DOS POSTOS DA VENDA**

**Art.1.- Estableceráanse catro clases de postos de venda:**

- a) Postos gremiais. Son aqueles postos especificamente establecidos pola organización que representen gremios da época contextualizados desenvolvemento de labores, mostras, manifestacións artesanais etc. . A súa ubicación, adxudicación, deseño, tamaño etc .., serán determinados pola organización en función das necesidades e actividades de cada cual e do sitio disponible.
- b) Postos gremiais de venda de artigos.
- c) Postos degustación e venda de comidas. Son aqueles postos de venda de comidas e bebidas a nivel particular. A organización perservará para estes postos unicamente os emprazamentos de barrio San Benito e Barrio San Sebastian .
- d) Donos de establecementos privados: Son aqueles donos de establecementos como tabernas, bares , bodegas , restaurantes, negocios de venda de produtos, con sede social no Porriño, que soliciten asentarse na vía pública diante do seu negocio, e ser atendidos no seu beneficio. Consistirá nun stand de tamaño variable según o espazo disponible contextualizado na época obrigatoriamente. ( Estos postos solo estarán autorizados no caso de que a organización non necesite ese espazo e sempre que as condicións da rúa, á criterio da organización o permita). **As terrazas soamente permitense no caso daqueles propietarios que cumpran o canon de abono anual da ordenanza, non podendo ampliar dita terraza.**

**Art.2.-** Todos os postos presentarán obrigatoriamente aspecto grego,castrexo,exipcio,roman ou exipcio, tanto nos materiaes, como no deseño, rechazando formicas, plásticos, cristales, fibras sintéticas, lonas, rodas de goma, pinturas e debuxos modernos, papeis e cartóns impresos, sacos con letras, etc., debendo substituílos por madeira, corcho,, cobertores, esparto, teas, panos, coiros, mazorcas etc, **(excepto palla, esta non está permitida).**

**Art. 3.-** A instalación dos postos dos barrios San Benito e San Sebastián , de degustacións, que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, parrillas ,brasas, deberán estar protexidos xa que poden supoñer un perigo para as persoas. A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións.

Aqueles elementos modernos como instalacións eléctricas, lámparas, grifos de auga, neveiras, básculas etc, que foran imprescindibles e permitidos pola organización, deberán estar ocultos ou totalmente camuflados. Os toldos soamente serán de cor brancos, granates ou negros, ou ben de teas de saco.

**Art. 5.-** Non se permitirá reproducións de música, excepto música da época.

**Art 6.-** Todos os postos deberán presentar a maior hixiene e limpeza posible.

### **III.- DA SOLICITUDE DOS POSTOS DE VENDA**

#### **Art 1.-**

**Prescricións :** Para obter posto de venda na festa de Porrigalia hai que porse en contacto no tf 986337624 (centro cultural municipal) onde se facilitará información xeral de dita festa en horario lectivo de luns a venres de 09h ata 19h, **dende o día 5 o 20 de xuño.**

Rematado dito prazo , e unha vez aceptado o posto , informarase o correspondente pago de taxas previsto na Ordenanza municipal en vigor, así como a entrega dos impresos que deberán ser debidamente cumprimentados.

**Aceptacións:** Unha vez cumprimentado o pago de ditas taxas no Oral (Deputación Provincial de Pontevedra)o lugar correspondente de ocupación, **o asinará a empresa organizadora** de distribucións de ditos postos.

Ditos impresos e xustificacións de pago entregararanse nas dependencias do Centro Cultural Municipal en horario de luns a venres de 09h ata 14h. **dende o 03 o 10 de xullo incluídos.**

**Non se admitirá ningún posto sen o recibo xustificante de pago .**

**Taxas.-** Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, situados en terreo público , así como industriais na rúa ambulantes estipula a cota de aplicación por posto de venda que será de 1,32 €/m2 día .

**Asinación de postos.-** O día 18 de xullo asinarase o lugar exacto onde se ubicará dito posto, dita responsabilidade quedará a cargo da empresa productora asinado para elo.

Queda prohibido tasantemente o aluguer ou cesións a terceiros dos postos asinados.

#### **IV.- DA MONTAXE DOS POSTOS DE VENDA**

**Art 1.-** Todos os postos de venda deberán estar montados entre os día xoves 20 ao venres 21 de madrugada.

**Art 3.-** Non se poderá ampliar os postos con mesas adicionais ou plataformas, toldos etc. Todos os postos teñen que estar montados o día 20 de xullo e polo tanto ubicados e preparados para a súa apertura o venres 21 ás 10h da mañá.

**Art 4-** Durante o desenvolvemento de dita festa , quedará prohibido a entrada e saída de vehículos, nin obstáculos dentro dos recintos da festa.

#### **V.- DAS MERCANCIAS**

**Art 1.-** Os produtos de venda deberán ser naturais, autóctonos feitos a man, ou elaborados na casa, de características artesanais, e ancestrais.

**Art 2.-** Queda totalmente prohibido a exposición e uso de animais vivos.

#### **VI.- DAS COMIDAS**

**Art 1.-** Os postos de comidas deberán coidar estreitamente os seus menús e o servizo, tendo en conta as seguintes normas:

- a) As comidas deberán estar en consonancia coa época romana e en lugares autorizados pola organización
- b) A louza e cubertería será acorde coa situación (pratos de madeira, ou barro, cuncas de barro, cullers e garfos de madeira ou ferro.
- c) Non se permitirán manteis de plásticos e servilletas soamente de pano ou papel escuro.

## VII- DOS VENDEDORES

-

**Art 1.-** Todos os vendedores/as que atendan os postos deberán ir ataviados da época obrigatoriamente, evitando levar complementos modernos como reloxo, gafas de sol modernas, , etc..

Art 2.- Queda totalmente prohibido o uso de globos dentro de todo o recinto da festa.

Art 3.- Unha vez rematada Porrigalia o día da madrugada do domingo 23 o 24 de xullo, todos os postos da venda deberán estar desmontados e o seu recinto limpo.

Art 4.- A organización a través da empresa organizadora así como a Policía local e protección civil do Porriño velará polo estricto e riguroso cumprimento das presentes bases

No Porriño 01 de xuño do 2017